

Prenden lume en San Antoniño e o monte Tetón

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 29 Agosto 2013 08:23



Tres focos ameazaron a noite pasada na confluencia dos montes de Couso (Gondomar), Monte Tetón (Tebra - Tomiño) e preto da parroquia de Malvas en Tui.

Témese polo estado dos petróglifos do monte Tetón, o gravado rupestre de círculos concéntricos máis grande de Europa.

O lume comezou pasadas ás 21:30 da noite en Couso. O vento e a sequía que asola este verán en Galicia propagaron rapidamente as chamas nas zonas sinaladas onde foron desprazadas as brigadas que se atopaban extinguindo os rebortes de lume en Oia e O Rosal.

Os brigadistas levaban xa acumuladas máis de 12 horas de traballo cando foron chamados para loitar que estes novos puntos. Ás 22:38 chegaban ao alto de San Antoniño as primeiras motobombas e os primeiros efectivos que agardaban instrucións dos posto de mando para entrar directos ao lume. Na outra punta do monte, no monte Tetón, as lapas entrevíanse na cresta do monte, e a Garda Civil copaba a entrada de acceso ao parque arqueolóxico nesta parroquia de Tomiño. Ás 23 horas, os efectivos adentrábanse no monte logo da confusión xerada inicialmente na localización dos focos.

Prenden lume en San Antoniño e o monte Tetón

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 29 Agosto 2013 08:23

Ás 23horas chegaban de Oia dous máquinas "buldozzers" para abrir camiños e cortalumes nas zonas afectadas.

Veciños e curiosos apostábanse na rotonda que une as estradas dirección Tui e Tomiño, onde se podía ver como o lume de Couso corría estrada arriba xusto na cabeceira das casa da zona da Fraga, en Gondomar.

Pasadas ás 2 da madrugada os focos dábanse por extinguidos.

Vídeo Valminor.info e Gondomar.tv

{youtube}RgKVWU1nGJ0{/youtube}

Imaxes valminorinfo e @antonestevez

{gallery}Gondomar/lumecouso{/gallery}

{jathumbnail off}